



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP de Barouta



CEIP DE BAROUTA



LER E ESCRIBIR

Ideas previas



A metodoloxía construtivista, recollida tamén na LOMCE, presenta a lectura e a escritura relacionándoas con aprendizaxes funcionais e significativas, isto é **ler e escribir serve para comunicarse e comunicar algo que ten valor e interese para a nena e o neno.**

A aprendizaxe da lectura e escritura debe ter sentido e función ,
" ler e escribir ten utilidade" . A función é comunicar.



LER= COMPRENDER UN TEXTO

ESCRIBIR= PRODUCIR UN TEXTO

Ideas previas

Nesta liña traballamos, e queremos compartir con vós algunhas ideas básicas para que comprendades e poidades colaborar neste proceso de adquisición de ler e escribir sen entrar en contradicións.

Unha vez máis, escola e familia debemos ir da man nesta aventura da educación. Cuestións básicas a ter en conta:

- As nenas e nenos cando chegan á escola xa saben sobre a lingua escrita e saben, ademais, que é algo importante iso de ler e escribir.
- A súa curiosidade natural fai que queiran investigar sobre a utilidade das letras, a forma, o uso, o trazado...



Ideas previas

- Todas as nenas e nenos pasan por unha serie de **etapas*** nas que se van aproximando ao modelo convencional. Será a nosa labor (escola e familia) favorecer que este percorrido se faga dun xeito tranquilo e respetuoso e para que o resultado sexa positivo: nenas e nenos que queiran, desfruten e incorporen a lectura e escritura con naturalidade ás súas aprendizaxes.
- O número e calidade de contactos que se teñan cos textos escritos é fundamental. A palabra escrita está presente en todas as nosas propostas.

<http://artellandonocole.blogspot.com/2020/01/no-teatro.html>



<http://artellandonocole.blogspot.com/2018/03/a-predicion-meteorologica.html>

Ideas previas

- As nenas e nenos teñen diferentes modos de aprender, distintos ritmos, intereses personalidades e motivacións. Debemos respetar e acompañar no seu esforzo e proceso de aprendizaxe.
- Comezamos pola **escritura** . Ao escribir, aínda que non sexa convencionalmente, os nenos e nenas reflexionan sobre a linguaxe escrita (finalidade, uso, proceso de escritura... e ademais len o que escriben)



Escribimos textos

Os **textos** son a unidade de traballo: serven para comunicar.

Podemos escribir e ler textos antes de dominar o código alfabético. Desde o primeiro momento traballamos co uso, a importancia, a función da palabra escrita creando situacións auténticas de escritura.



No libro tiña que haber información de todo tipo: como son, como nacen, onde viven, que tipos hai, a que perigos se enfrentan, que podemos facer nós para axudalas...



Pero ademáis de papir tamén tivemos tempo de rexistrar esta actividade.



Etapas no proceso de adquisición da escritura e a lectura



Etapa indeterminada

1º paso: *escribir non é o mesmo que debuxar.*

É a primeira diferenciación, por unha banda os debuxos e por outra letras, números, signos, trazos diversos



2º paso: os grafismos primitivos

Escriben producindo trazos e signos que non son debuxos pero tampouco letras, aínda que queren parecerse.



3º paso: diferencia entre letras e números.



Para escribir utilízanse uns signos determinados e colócanse alineados horizontalmente.

Neste momento ata que entra na seguinte etapa



Aplican diferentes razoamentos cando escriben e observaremos evolución en cuestións como:

- Escritos sen contol de cantidade: non se axusta o que quere escribir ao tamaño da palabra ou texto.
- Escrituras fixas, poñendo as mesmas grafías ou letras sempre.
- Escritas diferenciadas en canto á cantidade de letras, a orde e a variedade segundo o que queiran definir.



Etapa silábica


Cada sílaba se representa por unha letra ou grafía.

Escriben tantas letras ou símbolos como sílabas ten a palabra.

Ex: O E A O (ordenador)

O E U O A O O E A O A E O E A A A (onte fumos ao monte a xogar e coller castañas)

Este é un gran descubrimento que lles apasiona e soen permanecer bastante tempo nesta etapa podendo escribir calquera palabra que se propoñan. Gustan de escribir en compañía.



Momentos significativos

- **Sen correspondencia:**

Ao comezo o son non se corresponde coa grafía.

Escriben unha grafía por cada sílaba pero non se corresponde co son da mesma.



- **Con correspondencia:**

As grafías correspóndense cos sons.


Habitualmente vogais, sobre todo ao comezo da etapa.



Etapa silábica-alfabética

Evolución ao uso de consoantes coas vogais compoñendo alguna sílaba convencional. Mesturan estas sílabas con outras nas que poñen só vogais, só consoantes e pouco a pouco van combinando para escribir con correspondencia de son.

Esta tamén é unha etapa moi satisfactoria xa que son conscientes de que a súa escrita se corresponde coa convencional, cada vez máis cerca da adulta.



Etapa alfabética

Hai unha escrita convencional completa. Xa usa as grafías da escrita adulta.



É consciente da correspondencia e pouco a pouco enfróntase con entusiasmo ao uso de: minúsculas, separación de palabras, regras ortográficas , signos....




RESUMO DAS HIPÓTESES

na aproximación á lecto-escritura

PRE-SILÁBICA

Garabato, indiferenciada, diferenciada



SILÁBICA

Sen valor sonoro convencional

Cada sílaba escríbese como unha grafía, exista esta ou non (xeralmente as que coñece do seu nome ou do contorno) e a grafía non se corresponde co seu son convencional.



Con valor sonoro convencional

Cada sílaba escríbese como unha vogal existindo concordancia entre a grafía e o son.



SILÁBICO-ALFABÉTICA

Con valor sonoro convencional

Cada sílaba escríbese como unha vogal ou Consoante e empeza a introducir consoantes nalgunhas sílabas con concordancia entre a grafía e o son.



ALFABÉTICA

Escrebe case a totalidade das vogais e consoantes, con concordancia sonora. Soen existir erros ortográficos que evolucionan ao longo da etapa



LECTURA ESPONTÁNEA

Xeralmente unha vez

chegada á hipótese

alfabética(autónoma)

soe iniciarse a lectura

espontánea de pequenas

palabras e textos de xeito

progresivo.





É importante ter en conta que

- As etapas poden solaparse, saltarse, ser simultáneas no tempo dependendo da maduración do neno ou nena.
- Existen moitas etapas intermedias e de transición entre as aquí indicadas.
- Dentro de cada etapa é habitual que exista, en función da maduración do neno, a capacidade de elaborar textos nunha etapa con “apoio sonoro” e de forma autónoma nunha anterior.
- O paso entre etapas débese aos conflitos cognitivos que xorden (e se fan xurdir co acompañamento adulto). Iso axuda no avance.



E non esquezades que

O proceso de aproximación lecto-escritor iníciase en Educación Infantil e remata, cunha lectura e escritura espontánea e autónoma (completa) en 1º e 2º de Educación Primaria.



Estos son os pasos que todos os nenos e nenas van dando ata chegar ao sistema convencional. Cando poden escribir de maneira espontánea van avanzando nestas etapas, de xeito natural e desfrutando da aventura de ler, comunicar e aprender con sentido.

Observar, respetar e acompañar ofertando a axuda xusta que se necesita para avanzar, con naturalidade e tranquilidade este proceso levará aos nosos nenos e nenas a incorporar esta aprendizaxe fundamental de xeito positivo, sin inseguridades, frustracións e límites á súa autoestima, á súa capacidade para aprender.

É fundamental que xogemos este papel no proceso, xa que del depende que esta aprendizaxe, a máis importante da escola, sexa segura e que as nosas nenas e nenos se acheguen desde o primeiro momento e no futuro aos sen medo, con curiosidade, e seguridade de ser quen de producir e obter deles algo interesante, algo importante para medrar. Máis adiante falaremos de como, na casa, podemos apoiar.

Ler e escribir: tarefas independentes

Nas primeiras etapas ás nenas e nenos resúltalles máis doado escribir que ler: ao escribir, cada quen pode utilizar diferentes procedementos para comunicar o que desexa que outros lean, pero, en cambio, LER é interpretar, adiviñar o que outra persoa quere dicir: para ler hai que coñecer o código que a outra persoa utilizou.



Cuestións importantes



- Ler non é o mesmo que decodificar (lectura mecánica non é ler)
- **Ler é comprender un texto.**
- Non se pode comprender un texto se non se fai unha lectura activa (que poña en xogo actividade mental: interpretar, recoñecer, identificar, anticipar...)
- É necesario aprender a decodificar , pero descifrar os signos debe estar ao servizo de comprender o que está escrito.
- Ler serve para controlar e lembrar o que se escribe. Axuda a reflexionar e avanzar na escrita.
- Nunca debería darse na escola situacións de lectura sen comprensión parella: para iso sempre hai que ler textos auténticos, que interese descifrar para saber o seu contido, textos que servan para “algo”.

Desde a casa



A colaboración desde a familia é fundamental. Facer intervencións coordinadas neste tema é moi importante para non crear confusións e frustración nas nenas e nenos.



Por exemplo:


- Nunca decir “*ti non sabes*” , crea inseguridade e bloquea a curiosidade.
- Chamamos a todo polo seu nome.
- Non subestimar a súa capacidade co que está a facer o neno/nena : preguntando, respetando as respostas...
- Respetar o traballo que se está a facer, non crear contradicións utilizando materiais diferentes (mostras, caligrafías ...)..

Desde a casa

- Aproveitar experiencias e momentos , materiais reais
(pola rúa, no súper, papeis diversos da casa, a lista de...)
- Os contos son unha das fontes máis interesantes de lectura : ler contos , contarlos...
- Non anular a súa curiosidade, toda pregunta pode ter unha boa resposta e algunhas poden descubrirse.
- Establecer contactos coa escola, aclarar dúbidas, intercambiar impresións, traballar en colaboración...



Desde a escola



- Realizaremos experiencias que lle permitan ós nenos e nenas obter información sobre o uso social da escritura.
- Procuraremos materiais ricos e escrituras diversas: traballo con materiais reais e libros auténticos.
- Utilizaremos sobre todo a letra MAIÚSCULA, tamén as outras.
- Crearemos un clima de confianza que anime o proceso: aprendemos dos erros, imos progresando.
- Todo o que se fala pode escribirse e todo o escrito pódese ler.
- Traballamos en grupo, por parellas, individualmente, escribimos frases...
- Programamos e aproveitamos situacións naturais e reais: *caderno viaxeiro, listas, cartas...*
- Favorecemos a escritura espontánea.
- Acompañamos ás nenas e nenos respetando o seu proceso persoal na adquisición da lectura e escritura.



Desde a escola

- Chamamos a todo polo seu nome.
- Ler conleva interpretar os textos. Que di?
E escribir producidos á súa maneira .
- Serviremos de modelos para a lectura.
- Favorecerase a curiosidade, elaboración de hipóteses, o razoamento...

Aproveitaremos oportunidades de lectura e escritura.

- Brindaremos experiencias e materiais diversos para a escritura (xogos de letras, teclados...)
- Desfrutaremos no progreso individual e do grupo.



Falar Ler Escribir



Obxectivo da proposta

Propoñémosvos a continuación unha mostra de propostas relacionadas coa competencia

lingüística, coa idea, tamén, de que vos axuden

a comprender como plantexamos, a nivel práctico, estas aprendizaxes na nosa escola. O obxectivo é que escollades aquelas que máis lle atraian á vosa nena ou neno para realizar, non que as fagades todas.

Sobre todo respetade e disfrutade esta “outra maneira” de xogar coa lectura e escritura observando ao voso pequeno ou pequena.

Unha clave moi importante que vos queremos transmitir : desterrade o “ *ti non sabes*” e abrídevos a descubrir como “**eu sei e son quen de facelo á miña maneira**” non como persoa adulta, estou seguindo o meu procesc

Apoiade pois, acompañade e dade o tempo necesario a medrar tamén na aprendizaxe da escritura e da lectura.



Falar



Estimular a **LINGUAXE ORAL** é o primeiro paso. Promover e compartir cos nenos e nenas o maior número de conversas posibles: verbalizar as nosas impresións, o que estamos a sentir, dúbidas, facerlles preguntas abertas... tedo sempre en conta que somos modelos a imitar. Podemos

- Coa formulación de preguntas abertas, nas que non só esperemos un sí ou un non, estamos a ensinarlles aos nenos e nenas a cuestionarse a realidade e buscar respostas axeitadas promovendo o diálogo e o intercambio de opinións.
- Contribuír a ampliar o seu vocabulario
- Aprender as normas básicas dunha conversa.

Falar

É importante cando falamos utilizar linguaxe adulta respectando a súa opinión aínda que nos pareza disparatada.



Utilizar un volume axeitado para falar.

Incidir nas quendas de palabra, na utilización de normas básicas de cortesía, no respecto, na argumentación.





Os textos reais

- **Demostracións da utilidade dos escritos:** é importante que nos vexan ler en diferentes situacións: lecer, na utilización do xornal, buscando información nos libros, en internet...

En tódolos casos explícaselles o que se está a facer e porqué, : porqué imos a este ou outro libro, que buscamos e en que páxina... léndolles en voz alta e facendo comentarios.

- Dar unha **resposta aberta e o máis completa posible a súa curiosidade** : "*que estás lendo*", "*que pon aí*", "*que escribes*" ...
- **Colaborar, se demanda apoio**, cando escribe algunha nota, lista, nome, conto ... dun xeito natural, respetando os seus escritos e a etapa na que se atopa.





Textos reais

Animar a actitude investigadora, interrogadora, de cuestionamento: diante do feito da escrita e tamén nos

momentos de lectura, buscando a súa participación e intentando despertar e contaxiar ese comportamento:


“ que temos que poñer?, como poñeremos ...?, quen ten esta letra?, está esta tarxeta do dereito?, podemos colocala así para leer? “

- Lerlles todas as palabras que nos rodean e sobre as que manifestan interese: etiquetas, publicidade, cromos, envases, anuncios nas camisetas, billetes de tren,autobús...



Textos reais

- empregades algún texto, real e de uso social



Pedímoslles que nos lean o que escribiron e nós podemos rexistralo. Non correxilo! (respetamos o escrito sen destacar a nosa letra, escribindo debaixo/detrás)

Textos reais

- Poñemos textos ós debuxos e composicións que facemos: unha vez realizado o debuxo podemos poñerlle título, escribir o que é, o que fan, o que din... para verbalizalo despois.



- Buscar tutoriais sobre cuestións que interesen, sendo os nenos e nenas os que escriban nos buscadores (baixo a vosa supervisión) a temática de interese.
- Escribir xunt@s mensaxes a familiares ou amizades no correo electrónico, xuntando debuxos ou fotografías.
- Ler as respostas.



Na casa cos contos



Lerlles un conto cada día: ademais de ser un momento “especial” da xornada, polo compoñente emocional que ten, a partir dos contos podemos realizar moitas actividades interesantes.

Tede en conta que é importante facer a lectura literal, sen omitir vocabulario nin expresións. A linguaxe dos contos é “especial” e utiliza palabras que non aparecen noutros rexistros. Ler deste xeito os contos, sen infantilizar ou simplificar colaborará a que as nenas e nenos incorporen novo vocabulario e expresións.

Na casa cos contos

- Seguir a lectura co noso dedo por debaixo das palabras apoia visualmente o feito lector.
- Evítade, ao rematar a lectura, as preguntas de comprensión para non converter un momento máxico nun traballo, perdéndose a función da lectura do conto que é gozar con ese texto literario.



A partir dos contos Xogar co título do conto :

- Onde está o título? Lémosto (portada/ contraportada) ,
- Que o acompaña? Correspóndese co título? (ilustración)
- Cántas letras ten? Contámolas.



Na casa cos contos



- Coñecemos as letras? Decímolos.

Buscámolas (letras móbiles). Escribímolos?




- Témolos non noso nome? Localizámolas na tarxeta do noso nome.
- Están noutros nomes que coñezamos?
- Por que letra comeza? Por cal remata?
- É unha palabra longa ou curta? Comparámola co noso nome ou con outras palabras.

- Cantas palabras ten o título?
- Parécenos axeitado? Cal lle poñeríamos nós?

- Formular hipótesis sobre o seu contido analizando tan só a súa portada. “De que irá este conto?”



Na casa cos contos



- Debuxar ao personaxe principal do conto que lemos e escribir nós o título.

Lembrade que cando falamos de escribir referímonos **non copiar**

e respectar a etapa na que se atopa cada nena e neno polo

que aínda que falten letras nesas escrituras debedes son válidas.

Os máis pequenos e pequenas farano con boliñas, culebriñas...

son as escrituras iniciais e son válidas tamén



Na casa cos contos

Máis ideas

- Podedes escribirilles os títulos dos contos que ledes, cada palabra nunha tarxeta e que logo intenten volver a compoñer o título.
- Poden escribir tamén contos, compoñendo unha carpetiña ou libro de contos. Para iso podemos apoiar trazando nós ao seu ditado ou noutras ocasións solicitándolles que escriban el@s. Colaborar creando contos é un xeito fantástico de fomentar a creatividade e a competencia lingüística.



Este enlace resultaravos interesante para ter máis ideas de creación de contos

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1513166486/contido/index.html>



Nome propio

O **nome propio** é unha das primeiras palabras que utilizamos, por ser a máis significativa e funcional.

Coñecer e escribir o nome é importante e útil.

Vai servir como palabra base para múltiples propostas.

Na escola aproveítanse moitos momentos para o traballo de recoñecemento do nome propio e/ou dos compañeiros e compañeiras. Na casa se queredes podemos facer o mesmo.

Ideas

- Elaboración da tarxeta do propio nome. Tamén pode ser dos apelidos. Letra de pao (3 tarxetas).



Nome propio



Xogamos a **asociar** as fotografías cos nomes. Poden utilizarse os nomes de compañeiras e compañeiros ou da familia.



- Recoñecemento de letras do propio nome noutras palabras ou nomes.
- Contamos as letras, as sílabas, miramos por cal empeza/ remata...
- Escrita do nome nos traballos individuais, regalos, mensaxes... asinando e usando ou non a tarxeta. As nenas e nenos máis maiores poden facelo tamén con minúsculas se teñen interés. Para iso presentáremoslle grafías de trazo simple sen enlaces. Iso facilitará a súa incorporación (*ver plantilla de letras)
- Composición dos nomes : usando as letras móbiles



Palabras



Xogar cos nomes de persoas e obxectos axuda tamén a despertar curiosidade e interés por aumentar o vocabulario. Utilizar as palabras para facer textos cunha función clara: listas ou xogar cos nomes das cousas (clasificar, adiviñar...)


Con palabras soltas ou facendo listas propoñémosvos algunhas ideas para

escribir palabras

- Lista da compra : colaborar nesta actividade familiar.
- Listas en diferentes espazos da casa: listas de alimentos, de produtos de limpeza, de roupa dun armario, de electrodomésticos, de xoguetes....
- Lista dos membros da familia
- De actividades diarias ou cousas que nos apetecerá facer no verán
- Das compañeiras e compañeiros do colexio...

Palabras

- Podemos escribir os nomes en tarxetas e colocalas nomeando cousas da casa.
- Xogar a cambialas e descubrir os cambios para colocalas correctamente.
- Facer xogos de pistas con palabras que lles orienten cara a atopar un obxecto agochado. Por exemplo: escondemos algo debaixo da alfombra do salón e as tarxetas que preparamos serán salón, mesa e alfombra.
- Descubrir cantas sílabas ten esa palabra: palmeando en cada sílaba ou usando os dedos da man para facer reconto.
- Coas letras móbiles xogamos a compoñer palabras seleccionadas.
- Podemos xogar a clasificar as palabras con diferentes criterios: familias, letra de comezo, número de sílabas...
- Búsqueda de palabras : en revistas ou xornais, asociándoas con imaxes...



Letras

O xogo con letras móbiles é moi interesante. Axuda a plantear situacións de “conflito” (pensamento, resolución, decisión...) Poderemos facer composición de palabras, xogar co abecedario, comparar palabras en canto a número e tipo de letra...

Tipo de letra: maiúscula (de pao). Trazo máis doado e ao ser unidades discretas que se poden contar facilitan reflexionar sobre a escrita..



Propostas *Adxuntamos plantillas de letras e números que poden servir de modelos ou ser utilizadas directamente)

- **A caixa/ saquiño da letra....** Destinamos unha bolsiña para cada letra e nela metemos obxectos ou nomes de obxectos que comezan por esa letra.



Letras

- **Buscando letras:**

A partir de esta proposta pódense introducir variantes.

Facemos letras e números nunha cartolina e escollemos algunhas para introducir nun calcetín ou nunha bolsiña. Para xogar podemos previamente, construír un taboleiro no que aparezan varias letras ou o abecedario completo. A nena/neno irá extraendo e colocando cada letra que recoñece no taboleiro ata completalo. Outra opción é incluír letras de nomes de palabras que recoñece ou de compañeiras/os.

Colocalas no taboleiro ou asocialas a unha imaxe.



Letras

- **Estampamos letras** con fichas de lego: nunha prancha de plastilina ir marcando con fichas de lego letras.

Poden formar o seu nome ou outras palabras.

Tamén poden facelo marcando con outros obxectos

(paos, palliñas...)



- **Letras na area** : nunha tapa dunha caixa de cartón botamos un pouco de área (tamén podemos facelo con fariña, pan rallado, sal...e ir cambiando a textura, así completaremos a proposta sensorial que en sí mesma xa é moi interesante).



Trátase de que vaian facendo o trazado das grafías que desexen “practicar”.

Letras

Se temos unha pizarra pequena ou folio, podemos pedirlle que faga esta mesma grafía na area ou que reproduza a que nós lle presentamos. Esta caixa pode valernos para máis propostas (números, debuxos...)




- **Formamos palabras con pinzas:** xogar coas pinzas é moi interesante (coordinación e habilidade motriz) e dá moito xogo para a composición de palabras. Nas pinzas da roupa trazaremos letras para que poidan conformar palabras. Estas poden escribilas previamente ou non.



- As **pedras** poden darnos igualmente xogo para clasificar letras, compoñer palabras.... Só temos que escribir letras nelas.



Que maiores !




As nenas e nenos de 6º de E.Infantil, no vindeiro curso compartirán nivel en 1º de E.Primaria.

O obxectivo será identificarse como grupo que compartirá aula e experiencias os vindeiros cursos. É por iso que adxuntamos as súas fotos co obxectivo de que poidan xogar a recoñecerse como grupo.

Poden darvos xogo para facer algunhas das propostas:

- Quen é quen? Asociando cada foto co seu nome
- Describir fisicamente engadindo rasgos que non son visibles na fotografía
- Observar as expresións e definir o xesto
- Definir como é o carácter de cada quen
- Contar experiencias persoais con ela/el ou co grupo.



PLANTILLAS DE LETRAS MÓVILES

B

B

B

C

C

C

D

D

D

LETRAS MÓVILES

F

F

F

G

G

G

H

H

H

LETRAS MÓVILES

J

J

J

K

K

K

L

L

L

LETRAS MÓVILES

M

M

M

N

N

N

Ñ

Ñ

Ñ

LETRAS MÓVILES

P

P

P

Q

Q

Q

R

R

R

LETRAS MÓVILES

S

S

S

T

T

T

V

V

V

LETRAS MÓVILES

X

X

X

Y

Y

Y

Z

Z

Z

LETRAS MÓVILES

A

A

A

E

E

E

I

I

I

LETRAS MÓVILES

O

O

O

U

U

U

a

a

a

LETRAS MÓVILES

e

e

e

u

u

u

i

i

i

LETRAS MÓVILES

O

O

O

b

b

b

C

C

C

LETRAS MÓVILES

d

d

d

f

f

f

g

g

g

LETRAS MÓVILES

h

h

h

j

j

j

k

k

k

LETRAS MÓVILES

l

l

l

m

m

m

n

n

n

LETRAS MÓVILES

p

p

p

q

q

q

r

r

r

LETRAS MÓVILES

s

s

s

t

t

t

v

v

v

LETRAS MÓVILES

x

x

x

y

y

y

z

z

z